

1. Identificación da programación**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026455	Terra de Trasancos	Narón	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CD2ADG000100	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0441	Técnica contable	2024/2025	5	133	159

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA CANTÓ BELLAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

No mundo actual da empresa, a Contabilidade ten unha gran importancia, por unha parte, constitúe a base da toma de decisións para os empresarios ou administradores a través da información e datos que proporciona, e por outra, as empresas deben levar o adecuado rexistro e control das súas actividades podendo así coñecer e controlar con todo detalle os seus elementos patrimoniais.

Todo o anterior xustifica a inclusión do módulo Técnica contable no ciclo de Xestión administrativa, para que os alumnos desta especialidade sexan capaces de realizar os rexistros contables que necesita unha empresa, e a interpretar a normativa e a metodoloxía contable, analizando a problemática contable que poida darse nunha empresa, así como a documentación asociada para o seu rexistro.

Co desenvolvemento das 159 sesións que forman este módulo preténdese presentar ó alumnado as tarefas que leva consigo a xestión contable de unha empresa.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	LA EMPRESA Y SU PATRIMONIO: CONCEPTOS BÁSICOS	COÑECEMENTO INICIAL DA EMPRESA, REALIZACIÓN DE DE INVENTARIOS	14	9
2	O MÉTODO CONTABLE: ELEMENTOS, LIBROS, CONTAS, CICLO	PROCEDEMENTO CONTABLE: OBLIGACIÓNS, LIBROS, CONTAS, CICLO CONTABLE	32	20
3	O PXC-PEMES	COÑECEMENTO E MANEXO DO PLAN XERAL CONTABLE DE PYMES	11	7
4	METODOLOXÍA CONTABLE BÁSICA: OPERACIÓNS CONTABLES DUN EXERCICIO ECONÓMICO	CONTABILIZACIÓN DAS OPERACIÓNS E FEITOS CONTABLES DUN EXERCICIO ECONÓMICO	67	42
5	TRATAMENTO INFORMÁTICO DA XESTIÓN CONTABLE	ASENTOS CONTABLES EN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	35	22

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	LA EMPRESA Y SU PATRIMONIO: CONCEPTOS BÁSICOS	14

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os elementos que integran o patrimonio dunha organización económica, e clasifícao en masas patrimoniais.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as fases do ciclo económico da actividade empresarial.
CA1.2 Diferenciáronse os conceptos de investimento e financiamento, investimento e gasto, gasto e pagamento, e ingreso e cobramento.
CA1.3 Distinguíronse os tipos de empresas baseándose nos criterios de clasificación habituais.
CA1.4 Definíronse os conceptos de patrimonio, elemento patrimonial e masa patrimonial.
CA1.5 Identifícaronse as masas patrimoniais que integran o activo, o pasivo exíxible e o patrimonio neto.
CA1.6 Relacionouse cada masa patrimonial coas fases do ciclo económico da actividade empresarial.
CA1.7 Ordenouse en masas patrimoniais un conxunto de elementos patrimoniais.

4.1.e) Contidos

Contidos
Actividade empresarial: Actividade económica. Empresa: concepto e tipos. Ciclo económico da empresa
Patrimonio empresarial e contabilidade: Elementos patrimoniais. Masas patrimoniais.
Activo, pasivo e patrimonio neto dunha empresa.
Equilibrio patrimonial.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O MÉTODO CONTABLE: ELEMENTOS, LIBROS, CONTAS, CICLO	32

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece a metodoloxía contable tendo en conta a terminoloxía e os instrumentos contables utilizados na empresa.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Distingúronse as fases do ciclo contable completo e adaptáronse á lexislación española.
CA2.2 Describiuse o concepto de conta como instrumento para representar os elementos patrimoniais e os feitos económicos da empresa, e identificouse a súa estrutura.
CA2.3 Describíronse as características máis importantes do método de contabilización por partida dobre.
CA2.4 Recoñecéronse os criterios de cargo e aboamento como método de rexistro das modificacións do valor dos elementos patrimoniais.
CA2.5 Recoñeceuse a importancia do balance de comprobación como instrumento básico para a identificación de erros e omisións nas anotacións das contas.
CA2.6 Diferenciáronse as contas de ingresos e de gastos.
CA2.7 Definiuse o concepto de resultado contable.
CA2.8 Describíronse as funcións dos asentamentos de pechamento e apertura.
CA2.9 Estableceuse a función do balance de situación, das contas de perdas e ganancias, e da memoria.

4.2.e) Contidos

Contidos
Operacións mercantís desde a perspectiva contable.
Teoría das contas: concepto, estrutura e tipos de contas.
Método por partida dobre.
Libros contables.
Desenvolvemento do ciclo contable.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O PXC-PEMES	11

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica o contido básico do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas (PXC-PEME) e interpreta a súa estrutura.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionouse a normativa mercantil co plan xeral de contabilidade (PXC).
CA3.2 Recoñeceuse o PXC como instrumento de harmonización contable.
CA3.3 Identificáronse as partes do PXC-PEME.
CA3.4 Diferenciáronse as partes obrigatorias e non obrigatorias do PXC-PEME.
CA3.5 Identificáronse os principios contables establecidos no marco conceptual do plan.

Criterios de avaliación
CA3.6 Describiuse o sistema de codificación establecido no PXC-PEME e a súa función na asociación e na desagregación da información contable.
CA3.7 Codificouse un conxunto de elementos patrimoniais de acordo cos criterios do PXC-PEME.
CA3.8 Identificáronse as contas anuais que establece o PXC-PEME.
CA3.9 Identificáronse as contas que corresponden aos elementos patrimoniais.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Normalización contable: o plan xeral de contabilidade.</p> <p>Marco conceptual do PXC: principios contables.</p> <p>Normas de rexistro e valoración.</p> <p>Contas anuais.</p> <p>Cadro de contas.</p> <p>Definicións e relacións contables.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	METODOLOXÍA CONTABLE BÁSICA: OPERACIÓNS CONTABLES DUN EXERCICIO ECONÓMICO	67

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Clasifica contablemente feitos económicos básicos, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do PXC-PEME.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícaronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas.
CA4.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME.
CA4.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME.
CA4.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables.
CA4.5 Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico.
CA4.6 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Compra e venda de mercadorías.</p> <p>Existencias de mercadorías.</p> <p>Outros gastos e ingresos.</p> <p>Inmovilizado material: amortización e baixa contable.</p> <p>Fontes de financiamento.</p> <p>Operacións de fin de exercicio. Pechamento contable.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	TRATAMENTO INFORMÁTICO DA XESTIÓN CONTABLE	35

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza operacións de contabilización mediante aplicacións informáticas específicas, e valora a súa eficiencia na xestión do plan de contas.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Realizáronse as altas e as baixas de contas e subcontas codificadas que procedan da documentación soporte, seguindo os procedementos establecidos.
CA5.2 Propuxéronse altas e baixas de códigos e conceptos en asentamentos predefinidos, seguindo os procedementos establecidos.
CA5.3 Introducíronse conceptos codificados na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.
CA5.4 Executáronse as baixas dos conceptos codificados coa autorización correspondente.
CA5.5 Introducíronse os asentamentos predefinidos na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos.
CA5.6 Introduciuse no asentamento a información correspondente a cada campo, de acordo coa natureza económica da operación.
CA5.7 Arranxáronse os imprevistos que poidan xurdir durante o uso da aplicación, recorrendo á axuda do programa, á axuda en liña ou ao servizo de atención á clientela da empresa creadora do software.
CA5.8 Realizouse copia de seguridade das contas, dos saldos e dos seus movementos respectivos, así como da colección de apuntamentos predefinidos.
CA5.9 Seguiuse o plan de acción para a custodia no lugar e no soporte axeitados, así como a xestión administrativa da copia de seguridade, nun tempo axeitado e cos métodos apropiados.

4.5.e) Contidos

Contidos
Xestión das partidas contables nunha aplicación informática.
Operacións de mantemento básico de aplicacións
Asentamentos predefinidos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles en este módulo serán:

Para conseguir superar o módulo, o alumnado deste curso deberá ser capaz de resolver correctamente unha serie de exercicios teóricos, prácticos o teórico -prácticos, e informáticos que contemplan o seguinte:

- Redactar un inventario.
- Recoñecer e saber aplicar as principais contas do PXC-PEME.
- Contabilizar no libro diario as operacións habituais dun ciclo económico.
- Redactar balances de comprobación de sumas e saldos.
- Redactar balances de situación e contas de perdas e ganancias elementais.
- Realizar o proceso de regularización para a determinación do resultado.
- Completar un ciclo contable básico coa aplicación informática Conta Plus / Conta Sol o similar (folla de cálculo)

Criterios de cualificación neste módulo serán:

O alumno deberá superar as probas escritas periódicas e ter realizados todos os exercicios e traballos de aula establecidos como mínimos. Os traballos non se terán en conta a hora de calcular a nota, pero sí é obrigatorio que o alumnado os realice.

A asistencia implica o dereito á avaliación continua, e a non asistencia a perda de dita avaliación, tendo dereito unicamente a un exame extraordinario. O número de faltas (xustificadas) que implican a perda deste dereito son 16, é dicir, o 10% das sesións do módulo que marca a Lei. Por acordo do departamento recollido nas NOF do centro o alumnado que chegue o 20% de faltas xustificadas e non xustificadas perderá o dereito a avaliación continua.

A cualificación terá un valor numérico de 1 a 10 sendo necesario obter un 5 en cada criterio de avaliación que sexa mínimo exigible para supéralo módulo.

Teranse en conta os seguintes aspectos:

O 100% da nota obterase a través de exames escritos que poderán ser en papel ou aplicación informática,

A cualificación final dos exames será sobre 10 puntos, e terá que ser maior de 5.

Poderanse realizar controis periódicos nos que se incluírán cuestionarios teóricos e/ ou exercicios prácticos da materia impartida. Neste caso a nota da avaliación será a media aritmética de todas as probas realizadas, sempre que en cada unha delas o alumno obteña polo menos un 4, en caso contrario deberá repetir a proba.

A avaliación establecerase como continua, de tal forma que o alumnado que aprrobe a terceira avaliación, terá superada a materia, inda que teña suspensas as outras dúas ou unha delas. No caso d alumnado que

aprobe as tres avaliacións, a súa nota será a media das tres avaliacións .

Si se colle a un alumno copiando nun exame perderá o dereito á avaliación continua o que implica que fará o exame de toda a materia.

No caso de perder o dereito a avaliación continua o alumno/a deberá realizar unha proba extraordinaria sobre toda a materia vista durante o curso.

No caso de confinamento, as clases serán impartidas por medios telemáticos seguindo os mesmos criterios de cualificación do módulo establecido na parte superior.

Os traballos e exames serán feitos a través da aula virtual, mediante a utilización de sistemas ofimáticos tales como procesadores de texto e follas de cálculo.

A non participación e presentación nas clases virtuais suporá unha falta de asistencia que computará para a perda do dereito a avaliación continua do alumno. Tendo que examinarse de todo o módulo no caso de chegar o 10% das faltas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Durante o curso, as alumnas e alumnos que non acaden os mínimos esixidos, proporcionaráselles actividades de apoio con exercicios nos que teñan dificultades para que adquiren práctica a destreza. En cada avaliación, farase unha proba de recuperación

O alumnado de segundo curso con este módulo de primeiro suspenso terá a proba escrita sobre toda a programación do módulo. Según indica a normativa vixente este alumnado terá unha única proba e elixen entre a convocatoria de marzo ou de xuño. Os criterios, instrumentos de avaliación, etc., son os que se indican na programación. estes/as alumnos/as serán avaliados mediante unha proba escrita sobre toda a programación do módulo. Para estes/as alumnos/as a nota final formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva final e deberán obter unha nota de 5 ou superior para superar o módulo profesional.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos e alumnas que superen o límite máximo de faltas de asistencia justificadas do 10% das horas do módulo , segundo establecido no decreto 114/2010 de 1 de xullo, perderán o dereito á aplicación dos criterios xerais de avaliación e deberán presentarse a un único exame en xuño

A proba final constará de dous partes que serán cualificadas de 1 a 10.

1ª PARTE: Contabilizar unha serie de documentos relativos as operacións que comunmente se realizan na empresa utilizando o programa informático (Contabilidade real informatizada). Moi importante: de non superar esta parte non poderá realizar as seguintes e suspenderá o módulo

2ª PARTE: Unha proba escrita que versará sobre os contidos mínimos establecidos na programación (suposto teórico-práctico)

Será necesario obter unha nota igual ou superior a 5 en cada parte para aprobar o módulo.

A nota final do módulo será o media ponderada do 70% da nota da parte práctica e o 30% da nota da parte teórica

A data , hora e duración desta proba establecerase en reunión de departamento e farase pública no taboleiro de anuncios do centro.

Adicionalmente aquel alumnado que teña un porcentaxe de faltas igual ou superior o 20% das faltas totais do módulo, sexan o non xustificadas, perderá o dereito a avaliación continua segundo acordo do Departamento de Administración e Xestión e recollido nas NOF do centro. Neste caso o alumnado seguirá o mesmo proceso que o explicado o principio desde epígrafe.

A data, hora e duración desta proba establecerase en reunión de departamento e farase pública no taboleiro de anuncios do centro.

A esta proba extraordinaria se lles permitirá tamén examinarse ós alumnos coa terceira avaliación suspensa e non recuperada según o procedemento do apartado 6.a).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para determinar se o desenvolvemento das clases e das actividades propostas para que o alumnado alcanzara os obxectivos planificados resultaron eficaces e adecuados, levarase a cabo unha avaliación a partir de:

1. Os resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado
2. A propia avaliación feita polo alumnado dos materiais, actividades..
3. Opinións escritas do alumnado trimestralmente sobre o que aprenderon, o que máis lle gus-tou ou que lle resultou máis difícil.
4. Debate entre os membros que integran o Departamento.

Estes aspectos recolleranse na memoria anual e servirán para a elaboración da programación do curso seguinte e mellorar a práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Na primeira sesión de cada unidade didáctica, e tras a presentación do seu contido, realizaranse actividades para detectar os coñecementos previos que ten o alumnado sobre a materia a tratar.

As actividades serán variadas:

1. ler e comentar textos relacionados contido a tratar,e buscar relacións ca sua contorna, para facilitar a comprensión
2. solucionar un test de 5 ou 10 preguntas sobre os aspectos claves, que se pode corrir oral e colectivamente.
3. Realizar unha charla-coloquio sobre unha proxección (documental, anuncio, vídeo, presentación power point).

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Os alumnos que requiran determinados apoios e atencións educativas por padecer discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais o por manifestar graves trastornos de personalidade o conduta terán unha atención especializada coa finalidade de conseguir a súa integración. Se é necesario, realizaráselle, xunto co Departamento de Orientación, unha adaptación de medios materiais e tempos na realización de tarefas e exames. Para aqueles alumnos/as que precisen apoio educativo, como é o caso dos alumnos/as que non superen algunha avaliación, facilitaráselle actividades de reforzo con distinto grado de dificultade. Para dar resposta educativa os alumnos/as con altas capacidades intelectuais, se establecerán actividades de ampliación

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Teranse en conta os seguintes aspectos:

1. Asistencia e puntualidade, calquera das dúas trae consigo a perda de contidos e de traballo, o que suporá un retraso no proceso de aprendizaxe do alumno.
2. Comportamento durante o desenvolvemento das clases, o respecto polos compañeiros, o profesor e o material.
3. Participación activa na aula, reflectida no interese pola materia, iniciativa e capacidade para obter información con carácter autónomo.
4. A claridade e a limpeza nos apuntamentos e nos exercicios elaborados polo alumno.
5. Orde e pulcritude nos traballos realizados.
6. Predisposición para o traballo en equipo

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Faranse aquelas que se planifiquen polo departamento.

10. Outros apartados

10.1) Bibliografía Recomendada

Libro: Técnica Contable ISBN: 978-84-17899-39-4 ; Editorial: Macmillan education
RD 1514/2007 PGC; RD 1515/2007 PGC-PYMES

10.2) Recursos Informáticos

Aplicaciones Informáticas para Tratamiento de la Información Contable